

**I. DISPOSICIÓN XERAIS****CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

*ORDE do 27 de xuño de 2018 pola que se regulan os procedementos e se aproban e se dá publicidade dos modelos de solicitude e comunicación relativos aos traballos con risco de exposición ao amianto en Galicia.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 29.1, atribúe á Comunidade Autónoma, en concordancia co artigo 149.1.7 da Constitución española, a competencia de execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito.

O Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, atribúe á Secretaría Xeral de Emprego as competencias e funcións, entre outras materias, relativas ás relacións laborais e á seguridade e saúde laboral.

A autoridade laboral de Galicia, a través do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, tramita determinados procedementos recollidos no Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto. É o caso dos procedementos de alta, baixa e variación de datos no Rexistro de empresas con risco por amianto de Galicia e de aprobación de plans de traballo con risco por amianto, e recepción das comunicacións de inicio de traballo e das fichas para o rexistro dos datos da avaliación da exposición nos traballos con amianto.

Por outra parte, o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece as entidades que están obrigadas en todo caso a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo.

Por isto, e á vista do establecido no Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, así como na Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, resulta imprescindible adaptar os modelos de solicitude e comunicación destes procedementos ás novas exixencias establecendo a súa presentación a través de medios electrónicos, facilitando así unha maior comunicación e unha



relación máis áxil e simple entre a Administración galega e aquelas empresas que realicen traballos con risco de exposición ao amianto en Galicia.

De conformidade co disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto de orde foi informado pola consellería competente en materia de facenda, polos órganos con competencias horizontais en materia de administración electrónica, avaliación e reforma administrativa e polos órganos competentes en materia de impacto de xénero. Así mesmo, o proxecto foi sometido a informe do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral e do Consello Galego de Relacións Laborais.

En consecuencia, no exercicio das atribucións conferidas de conformidade co disposto no artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto regular os seguintes procedementos e aprobar e dar publicidade aos seus modelos normalizados, para a súa tramitación por medios electrónicos:

a) Rexistro de empresas con risco por amianto da Comunidade Autónoma de Galicia: alta, baixa e variación de datos (anexo I). Código do procedemento TR900A.

b) Aprobación de plans de traballo con risco por amianto (anexo III). Código do procedemento TR900B.

c) Inicio de traballo con risco por amianto (anexo IV). Código do procedemento TR900C.

d) Rexistro dos datos da avaliación da exposición nos traballos con amianto (anexo V). Código do procedemento TR900D.

##### Artigo 2. *Forma e lugar de presentación das solicitudes*

1. As solicitudes e comunicacións presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>



Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude ou comunicación presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude ou comunicación aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes ou comunicacións poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. De acordo co disposto no artigo 31 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, a xustificación da concorrencia das circunstancias indicadas no devandito artigo para establecer a obriga de relacionarse electronicamente coa Administración na presentación das persoas físicas vén motivada polo feito de que as persoas físicas a que vai dirixida esta orde son autónomas que exercen unha actividade económica e dispoñen de ferramentas informáticas cun coñecemento básico do seu funcionamento, en calquera actividade comercial que realicen.

### Artigo 3. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación dos procedementos*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude ou comunicación a seguinte documentación:

a) Solicitudes de alta no Rexistro de empresas con risco por amianto de Galicia (anexo I):

– Anexo II: ficha de inscrición, segundo anexo III do Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto.

– No caso de persoas xurídicas, copia dos estatutos vixentes debidamente inscritos no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de personalidade xurídica de que se trate.

– No caso de traballadores/as autónomos/as con persoas traballadoras contratadas, copia do último documento RNT (relación nominal de traballadores) de que se dispoña.

– Xustificante de estar de alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional, no caso de persoas físicas.



– No caso de representación, documento acreditativo desta por calquera medio válido en dereito.

b) Solicitudes de baixa no Rexistro de empresas con risco por amianto de Galicia (anexo I):

– Anexo II: ficha de inscrición, segundo anexo III do Real decreto 396/2006.

– No caso de representación, documento acreditativo desta por calquera medio válido en dereito.

c) Solicitudes de variación de datos no Rexistro de empresas con risco por amianto (anexo I):

– Anexo II: ficha de inscrición, segundo anexo III do Real decreto 396/2006.

– No caso de persoas xurídicas, copia do acordo social elevado a público ou do documento acreditativo da modificación dos datos inscritos.

– No caso de representación, documento acreditativo desta por calquera medio válido en dereito.

d) Solicitudes de aprobación de plans de traballo con risco por amianto (anexo III):

– Copia do plan de traballo, que deberá axustarse ao contido establecido no artigo 11 do Real decreto 396/2006.

– Certificados de formación, información e aptitude médica das persoas traballadoras que figuran no plan de traballo.

– Nomeamento e certificado de formación da persoa ou persoas designadas como recurso preventivo.

– Copia do último documento RNT (relación nominal de traballadores) de que se dispoña.

– Documento acreditativo da consulta realizada á representación legal laboral das persoas traballadoras para a elaboración do plan.



– Contrato de tratamento do residuo onde figure a empresa xestora e o vertedoiro. Na súa falta, documento de aceptación do residuo.

– Copia da resolución aprobatoria do plan de traballo do transportista do residuo, no caso de que o dito plan fose aprobado noutra comunidade autónoma.

– Plano e fotografías do lugar de traballo, no caso de plans específicos ou sucesivos.

– No caso de representación, documento acreditativo desta por calquera medio válido en dereito.

e) Comunicacions de inicio de traballo con risco por amianto, que deben de realizarse con polo menos 3 días hábiles de antelación ao inicio dos traballos (este prazo non é de aplicación aos traballos asociados a plans únicos de carácter xeral que non se poidan programar con antelación por ser urxentes e imprevisibles ou que sexan de curta duración con presentación irregular) (anexo IV):

– Certificados de formación, información e aptitude médica das persoas traballadoras que non figuran no plan aprobado, e indicación da súa categoría profesional e experiencia nos traballos especificados no plan.

– Nomeamento e certificado de formación da persoa ou persoas designadas como recurso preventivo (se non coinciden coas do plan de traballo).

– Copia do último documento RNT (relación nominal de traballadores) de que se dispoña, cando sexa máis recente que o achegado no procedemento de aprobación do plan de traballo.

– Contrato de tratamento do residuo onde figure a empresa xestora e o vertedoiro, unicamente no caso de que non se achegase no procedemento de solicitude de aprobación do plan de traballo.

– Copia da resolución aprobatoria do plan de traballo do transportista do residuo se foi aprobado noutra comunidade autónoma, no caso de que non se achegase no procedemento de solicitude de aprobación do plan de traballo.

– Copia do plan e resolución aprobatoria do plan de traballo en caso de comunicacions correspondentes a plans únicos de carácter xeral aprobados noutra comunidade autónoma.



– Plano e fotografías do lugar de traballo, unicamente no caso de comunicacións asociadas a plans únicos de carácter xeral.

– No caso de representación, documento acreditativo desta por calquera medio válido en dereito.

f) Comunicación das fichas para o rexistro dos datos da avaliación da exposición nos traballos con amianto (anexo V):

– Anexo VI: ficha para o rexistro dos datos da avaliación da exposición nos traballos con amianto, segundo anexo IV do Real decreto 396/2006.

– No caso de representación, documento acreditativo desta por calquera medio válido en dereito.

Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación, ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir de maneira motivada a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude ou comunicación e o número de expediente, se se dispón del.



4. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitírase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

#### Artigo 4. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación destes procedementos consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

– Documento acreditativo da personalidade da persoa solicitante, consistente no NIF no caso de persoas xurídicas e no DNI ou NIE no caso de traballadores/as autónomos/as con persoas traballadoras contratadas.

– DNI ou NIE da persoa representante.

No procedemento TR900A comprobarase, ademais:

– Xustificante de estar de alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

– No caso de persoas físicas, alta no imposto de actividades económicas.

2. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### Artigo 5. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na



solicitud ou comunicación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. Neste caso, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 6. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación destes procedementos deberán ser realizados electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Disposición adicional primeira. *Información básica sobre protección de datos persoais*

Os datos persoais deste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.





Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>

Disposición adicional segunda. *Actualización de formularios*

Os modelos normalizados aplicables na tramitación dos procedementos regulados na presente disposición poderán ser modificados co obxecto de mantelos actualizados e adaptados á normativa vixente. Para estes efectos, será suficiente a publicación destes modelos adaptados ou actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2018

Francisco José Conde López  
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria




**ANEXO I**

PROCEDEMENTO <b>REXISTRO DE EMPRESAS CON RISCO POR AMIANTO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>TR900A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------


<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	
TIPO DE VÍA		NOME DA VÍA		NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO		FAX	TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>		

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>	
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa ou entidade solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. Enviáranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>DESCRIPCIÓN DA SOLICITUDE</b>	
<input type="checkbox"/> INSCRIPCIÓN	
<input type="checkbox"/> VARIACIÓN DE DATOS	
Número de inscrición no RERA:	<input type="text"/>
Datos que se modifican:	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> BAIXA	
Número de inscrición no RERA:	<input type="text"/>
Motivo da baixa:	
<input type="checkbox"/> Cesamento da actividade empresarial	
<input type="checkbox"/> Cesament da actividade con risco por amianto	
<input type="checkbox"/> Outros motivos: <input type="text"/>	

<b>DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE</b>			
<input type="checkbox"/> Anexo II: ficha de inscrición (alta, baixa, variación de datos)			
	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Copia dos estatutos vixentes, no caso de persoas xurídicas (alta)			
<input type="checkbox"/> Copia do último documento RNT (relación nominal de traballadores), no caso de persoas físicas (alta)			
<input type="checkbox"/> Copia do acordo social elevado a público ou do documento acreditativo da modificación dos datos inscritos (variación)			
<input type="checkbox"/> Acreditación da representación (alta, baixa e variación)			

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario solo podrá presentarse en <https://sede.xunta.gal> las formas previstas en su norma reguladora

CVE-DOG: uox3yn06-whk7-4zq6-0f53-gkqtlqw4nlj3




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPREGO E INDUSTRIA

**ANEXO I**  
 (continuación)

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas.	
DNI/NIE da persoa solicitante	
DNI/NIE da persoa representante	
NIF da entidade solicitante	
Xustificante de estar de alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional, no caso de persoas físicas (alta)	
No caso de persoas físicas, alta no imposto de actividades económicas	

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>

**Actualización normativa:** no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.


**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto.  
 Orde do 27 de xuño de 2018 pola que se regulan os procedementos e se aproban e se dá publicidade dos modelos de solicitude e comunicación, relativos aos traballos con risco de exposición ao amianto en Galicia.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 


 Centro Territorial do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral de 
 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario solo podrá presentarse en <https://sede.xunta.gal> las formas previstas en su norma reguladora




**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

**ANEXO II**

**REXISTRO DE EMPRESAS CON RISCO POR AMIANTO (RERA)  
FICHA DE INSCRICIÓN**

Núm. de rexistro: ____/____/_____ Cód. prov.: _____ <b>Para cubrir pola autoridade laboral</b>	Data: ____/____/_____ 
--	---------------------------

**1. Identificación da empresa**

NOME/RAZÓN SOCIAL  NIF  NISS

Domicilio social:

TIPO DE VÍA  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

CP  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  FAX  TELÉFONO MÓBIL  CORREO ELECTRÓNICO

CNAE:

**Datos da persoa solicitante**

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO

CARGO QUE OCUPA NA EMPRESA

Lugar e data  ,  de  de

**Sinatura e selo da autoridade laboral**



CVE-DOG: uox3yno6-whk7-4zq6-0l53-gkqtlqaw4nlj3



**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO III

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
<b>APROBACIÓN DE PLANS DE TRABALLO CON RISCO POR AMIANTO</b>	<b>TR900B</b>	<b>SOLICITUDE</b>

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	
TIPO DE VÍA		NOME DA VÍA		NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO		FAX	TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>		

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>							
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa ou entidade solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante							
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:							
TELÉFONO MÓBIL				CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			

<b>TIPO DE PLAN DE TRABALLO</b>							
<input type="radio"/> Específico <input type="radio"/> Sucesivo <input type="radio"/> Único de carácter xeral							
No caso de que se trate dun plan de traballo sucesivo, indicar o número do plan específico de referencia:							
<input type="text"/>							

<b>TÍTULO XERAL DO PLAN DE TRABALLO</b> (debe facer alusión ao tipo de actividade e ao tipo de material a intervir)							
<input type="text"/>							

<b>PERSOA RESPONSABLE DO PLAN DE TRABALLO</b>							
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO			
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>			
CARGO NA EMPRESA			TELÉFONO		CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="text"/>			<input type="text"/>		<input type="text"/>		

<b>PERSOA RESPONSABLE NA OBRA</b>							
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO			
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO		CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>		<input type="text"/>					




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPREGO E INDUSTRIA

**ANEXO III**  
 (continuación)

PERSONA QUE ACTÚA COMO RECURSO PREVENTIVO		
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	

EMPRESA PRINCIPAL OU CONTRATISTA/SUBCONTRATISTA NA OBRA			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		


EMPRESA PROMOTORA			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		

MODALIDADE PREVENTIVA DA EMPRESA SOLICITANTE		
<input type="checkbox"/> Servizo de prevención propio	<input type="checkbox"/> Servizo de prevención mancomunado	<input type="checkbox"/> Servizo de prevención alleo
<input type="checkbox"/> Designación de traballadores/as		

PERSONA RESPONSABLE DA AVALIACIÓN DO RISCO		
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	

DATOS DAS PERSOAS TRABALLADORAS INCLUÍDAS NO PLAN				
NOME	APELIDOS	DNI	NSS	DATA CERTIFICADO APTITUDE MÉDICA

TRANSPORTISTA DO RESIDUO	
RAZÓN SOCIAL	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO DO CENTRO XESTOR	
<input type="text"/>	
PLAN DE TRABALLO NÚMERO (indicar o código do plan para transporte de residuos)	
<input type="text"/>	

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora <https://sede.xunta.gal>

CVE-DOG: uox3yn06-whk7-4zq6-0f53-gkqtlqw4nlj3


**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPREGO E INDUSTRIA

**ANEXO III**  
 (continuación)

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

<input type="checkbox"/>	Plan de traballo (segundo artigo 11 do Real decreto 396/2006)			
<input type="checkbox"/>	Certificados de formación, información e aptitude médica das persoas traballadoras que figuran no plan			
<input type="checkbox"/>	Nomeamento e certificado de formación da persoa ou persoas designadas como recurso preventivo			
<input type="checkbox"/>	Copia do último documento RNT (relación nominal de traballadores) de que se dispoña			
<input type="checkbox"/>	Documento acreditativo da consulta realizada á representación legal laboral das persoas traballadoras para a elaboración do plan			
<input type="checkbox"/>	Contrato de tratamento do residuo onde figure a empresa xestora e o vertedoiro			
<input type="checkbox"/>	Documento de aceptación do residuo (só no caso de no dispoñer todavía do contrato de tratamento do residuo)			
<input type="checkbox"/>	Copia da resolución aprobatoria do plan de traballo do/da transportista do residuo (só no caso de que o devandito plan for aprobado noutra comunidade autónoma)			
<input type="checkbox"/>	Plano e fotografías do lugar do traballo, no caso de plans específicos e sucesivos			
		ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/>	Acreditación da representación			

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas.

DNI/NIE da persoa solicitante

DNI/NIE da persoa representante

NIF da entidade solicitante

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>

**Actualización normativa:** no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**


Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto.

Orde do 27 de xuño de 2018 pola que se regulan os procedementos e se aproban e se dá publicidade dos modelos de solicitude e comunicación, relativos aos traballos con risco de exposición ao amianto en Galicia.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 


 Centro Territorial do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral de 

**SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO IV

PROCEDEMENTO <b>COMUNICACIÓN DE INICIO DE TRABALLOS CON RISCO POR AMIANTO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>TR900C</b>	DOCUMENTO <b>COMUNICACIÓN</b>
--	---	----------------------------------

<b>DATOS DA PERSOA COMUNICANTE</b>							
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR						
<input type="text"/>	<input type="text"/>						
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>	
Notifíquese a:	<input type="radio"/> Persoa ou entidade comunicante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. Enviáranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>DATOS DO INICIO DE TRABALLO CON RISCO POR AMIANTO</b> (a comunicación debe realizarse con polo menos 3 días hábiles de antelación ao inicio dos traballos)	
NÚM. DO PLAN DE TRABALLO	DATA DE INICIO
<input type="text"/>	<input type="text"/>
HORARIO	DURACIÓN ESTIMADA
<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>RECURSO PREVENTIVO</b> (no caso de non ser o mesmo que figura no plan)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>PERSOAS TRABALLADORAS QUE VAN INTERVIR QUE FIGURAN NO PLAN</b>		
NOME	APELIDOS	DNI

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: uox3yno6-whk7-4zq6-0f53-gkqtlaw4nlj3


**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPREGO E INDUSTRIA

**ANEXO IV**  
 (continuación)

**NOVAS PERSOAS TRABALLADORAS QUE NON FIGURAN NO PLAN**

NOME	APELIDOS	DNI	NSS	DATA CERTIFICADO APTITUDE MÉDICA	CATEGORÍA PROFESIONAL

**INFORMACIÓN ADICIONAL PARA PLANS ÚNICOS DE CARÁCTER XERAL**

LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA EXACTA DA OBRA (se non é clara achegar plano ou vista aérea do lugar)

TIPO DE TAREFA A REALIZAR (retirada, mantemento, reparación...)

PROMOTOR/A

CONTRATISTA

SUBCONTRATISTA

TRANSPORTISTA DE RESIDUOS

PLAN DE TRABALLO NÚMERO (indicar o código do plan para transporte de residuos)

ZONAS CONCRETAS (TELLADOS, FACHADAS...) EN QUE SE VAI TRABALLAR

CARACTERÍSTICAS DO MATERIAL QUE SE VAI INTERVIR (indicar superficie ou lonxitude ou dimensións dos elementos prefabricados ou descrición do tipo de material que se recolle)

 TRÁTASE DE LOCALES OU EDIFICIOS QUE VAN SER OCUPADOS POR PERSOAS DE FORMA PERMANENTE AO FINALIZAR OS TRABALLOS?  
 (en caso afirmativo debe tomar mostras ambientais)

 SI  NON

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

- Certificados de formación, información e aptitude médica das persoas traballadoras que non figuran no plan, e indicación da súa categoría profesional e experiencia nos traballos especificados no plan
- Nomeamento e certificado de formación da persoa ou persoas designadas como recurso preventivo (se non coinciden coas do plan de traballo)
- Copia do último documento RNT (relación nominal de traballadores) de que se dispoña (cando sexa máis recente que o achegado no procedemento de aprobación do plan de traballo)
- Contrato de tratamento do residuo onde figure a empresa xestora e o vertedoiro (cando no for presentado co plan de traballo)
- Copia da resolución aprobatoria do plan de traballo do/da transportista do residuo (se o/a transportista non é o/a indicado/a no plan e o devandito plan foi aprobado noutra comunidade autónoma)
- Plano e fotografías do lugar de traballo, no caso de comunicacións asociadas a plans únicos de carácter xeral
- Copia do plan e da resolución aprobatoria (só para plans únicos de carácter xeral aprobados noutra comunidade autónoma)

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Acreditación da representación			




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPREGO E INDUSTRIA

**ANEXO IV**  
 (continuación)

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas.

DNI/NIE da persoa comunicante

DNI/NIE da persoa representante

NIF da entidade comunicante

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>

**Actualización normativa:** no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**


Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto.

Orde do 27 de xuño de 2018 pola que se regulan os procedementos e se aproban e se dá publicidade dos modelos de solicitude e comunicación, relativos aos traballos con risco de exposición ao amianto en Galicia.

**SINATURA DA PERSOA COMUNICANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 


 Centro Territorial do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral de 

**SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPREGO E INDUSTRIA

**ANEXO V**

PROCEDIMENTO <b>COMUNICACIÓN DE FICHA PARA O REXISTRO DE DATOS DA AVALIACIÓN DA EXPOSICIÓN NOS TRABALLOS CON AMIANTO</b>		CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>TR900D</b>	DOCUMENTO <b>COMUNICACIÓN</b>
<b>DATOS DA PERSOA COMUNICANTE</b>			
NOME/RAZÓN SOCIAL <input type="text"/>		PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/>	SEGUNDO APELIDO <input type="text"/>
TIPO DE VÍA <input type="text"/>		NOME DA VÍA <input type="text"/>	NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>
PARROQUIA <input type="text"/>		LUGAR <input type="text"/>	
CP <input type="text"/>	PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>	LOCALIDADE <input type="text"/>
TELÉFONO <input type="text"/>	FAX <input type="text"/>	TELÉFONO MÓBIL <input type="text"/>	CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>
<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)</b>			
NOME/RAZÓN SOCIAL <input type="text"/>		PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/>	SEGUNDO APELIDO <input type="text"/>
TIPO DE VÍA <input type="text"/>		NOME DA VÍA <input type="text"/>	NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>
PARROQUIA <input type="text"/>		LUGAR <input type="text"/>	
CP <input type="text"/>	PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>	LOCALIDADE <input type="text"/>
TELÉFONO <input type="text"/>	FAX <input type="text"/>	TELÉFONO MÓBIL <input type="text"/>	CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>
<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>			
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa ou entidade comunicante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante			
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:			
TELÉFONO MÓBIL <input type="text"/>	CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>		
<b>DATOS DO PLAN DE TRABALLO</b>			
NÚM. DO PLAN DE TRABALLO <input type="text"/>		DATA DE INICIO <input type="text"/>	DATA FINALIZACIÓN <input type="text"/>
<b>DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE</b>			
<input type="checkbox"/> Anexo VI: ficha para o rexistro de datos da avaliación da exposición nos traballos con amianto			
<input type="checkbox"/> Acreditación da representación		ÓRGANO <input type="text"/>	CÓD. PROC. <input type="text"/>
		ANO <input type="text"/>	
<b>COMPROBACIÓN DE DATOS</b>			
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas.			
DNI/NIE da persoa comunicante <input type="text"/>			
DNI/NIE da persoa representante <input type="text"/>			
NIF da entidade comunicante <input type="text"/>			





**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO V  
 (continuación)

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>

**Actualización normativa:** no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**


Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto.  
 Orde do 27 de xuño de 2018 pola que se regulan os procedementos e se aproban e se dá publicidade aos modelos de solicitude e comunicación, relativos aos traballos con risco de exposición ao amianto en Galicia.

**SINATURA DA PERSOA COMUNICANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 


 Centro Territorial do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral de 

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora





## ANEXO VI

## FICHA PARA O REGISTRO DE DATOS DA AVALIACIÓN DA EXPOSICIÓN NOS TRABALLOS CON AMIANTO

## DATOS DA ENTIDADE COMUNICANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL

NIF

NÚM. INSCRICIÓN NO RERA

## E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

## DATOS DO PLAN DE TRABALLO

NÚM. DO PLAN DE TRABALLO

DATA DE INICIO

DATA FINALIZACIÓN

## 1. TIPO DE ACTIVIDADE REALIZADA

- Retirada de amianto e materiais con amianto
- Mantemento/reparación de materiais con amianto
- Transporte de residuos
- Tratamento e destrución de residuos
- Outras (especificar):

## 2. TIPO DE MATERIAL INTERVIDO

- Amianto proxectado e revestimentos con amianto en paredes, teitos e elementos estruturais
- Calorifugados
- Outros materiais friables: paneis, tecidos de amianto, cartóns, feltros, etc. (especificar):
- Fibrocemento
- Lastras amianto-vinilo
- Outros materiais non friables: masillas, pinturas, adhesivos, etc. (especificar):



ANEXO VI  
(continuación)

DATOS DAS AVALIACIÓNS

Nome do/da traballador/a	DNI	Núm. Seguridade Social	Tipo actividade (1)	Tipo material (2)	Exposición diaria (fibras/cm <sup>3</sup> ) (3)	Días de exposición	Tipo de EPI (4)

(1) Segundo a clasificación dada en 1. Para cada tipo de actividade considerárase o conxunto de operacións realizadas polo/a traballador/a diferenciándose, só se procede, a operación máis relevante.  
 (2) Segundo a clasificación dada en 2.  
 (3) Exposición diaria expresada en fibras/cm<sup>3</sup>, é a concentración media de fibras de amianto na zona de respiración do/da traballador/a, medida ou calculada de forma ponderada con respecto ao tempo para a xornada laboral real e referida a unha xornada estándar de 8 horas diarias. Esta exposición refírese á determinada ao realizar a última avaliación do tipo de actividade efectuada, conforme o disposto nos puntos 1, 2 e 3 do artigo 5 do Real decreto 396/2006.  
 (4) Tipo de EPI no caso de que se utilizara.

AVALIACIÓN REALIZADA POR

- Servizo de prevención propio
- Servizo de prevención alleo. Nome da entidade:
- Laboratorio de análise (reconto) de fibras:
- Método utilizado se foi diferente do MTA/MA-051 do INSSBT:

SINATURA DA PERSOA COMUNICANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data ,  de  de

